

PROGRAMA NATACION ESCOLAR TEMPADA 20-21 LAVADORES, TRAVESAS, TEIS e VALADARES

- **OBRIGATORIO O USO DA MASCARILLA** en toda a instalación a excepción das zonas de ducha e durante a práctica deportiva. Para elo o alumno/a deberá levar unha bolsa plástica con “autopeche” para gardala durante a práctica deportiva.
- **O acceso á instalación farase 10 minutos antes** do inicio da clase e disporán de **15 minutos para saír** da instalación unha vez que remate a clase.
- Rexistrarase ós usuarios na aplicación informática ó seu paso pola zona de tornos ou, no seu defecto, no listado de asistencia dos alumnos/as que dispón o monitor/a.
- Os alumnos/as usarán os vestiarios e taquillas asignados polo persoal de recepción e/o coordinadores de natación.
- No caso dos alumnos/as menores de 8 anos permítese o acompañamento dun adulto (sempre co uso de mascarilla) ata a zona de vestiarios; aínda así aconséllase que accedan sós cando teñan autonomía suficiente.
- Os alumnos/as de natación infantil e natación escolar esperarán na zona de vestiario e pasillos gardando a **distancia de seguridade** establecida ata que o seu monitor/a os recolla e acompañe ata a zona do vaso onde impartirá a clase. O retorno a vestiarios farase de igual xeito.
- **O acceso ó vaso e retorno ós vestiarios realizarase de xeito escalonado** (nun tempo máximo de 5 minutos).
- Ó rematar a sesión cada alumno/a depositará o material didáctico empregado nos depósitos de desinfección dispostos a tal efecto unha vez finalizada a clase.
- **Impartiranse clases de atención individualizada** sempre que sexa posible manter a distancia de seguridade co alumno/a. Cando por motivos de seguridade, didácticos,...non se poida manter o monitor/a empregará os elementos de protección que dispoña (máscaras acuáticas,...) para a prevención de contaxios por vía aérea. En caso contrario e, por seguridade e prevención para o propio alumno e o traballador/a procederase ó análise, avaliación e decisión sobre o desenvolvemento da mesma.